



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actividade Convocatoria sesión extraordinaria Pleno
Número expediente PLN/2024/9

PLN/2024/9.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Sendo as nove horas do vinte e seis de xuño do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier CartelleCudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Excusa a súa asistencia
Iván Martínez González	Excusa a súa asistencia





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29.05.2024 (2024-0008). Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 29.05.2024.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención (non presentes)

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

2º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1214/2024.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2024.- Elévase á consideración deste órgano colexiado o expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1214/2024 no que consta:

- Relación de facturas 2024/8 e 2024/9.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Providencia de inicio de expediente asinada pola concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica (RA núm. 2023/0615, de 26.06.2023) con data 10.06.2024.
- Informe de reparo formulado pola intervención municipal de data 10.06.2024.
- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica (RA núm. 2023/0615, de 26.06.2023) con data 10.06.2024.
- Ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión realizada con data 13 de xuño de 2024.

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PP	Explica o sentido do expediente.
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Van a votar en contra xa como adiantaron na Comisión Informativa en función do sentido privatizador que manifestan as facturas xa que levan cinco anos insistindo en que se contrate persoal e medios materiais. Tampouco se evidencia que exista unha planificación.</p> <p>Do mesmo xeito manifestan a súa disconformidade coas Memorias técnicas presentadas no ano 2023, un total de 6 pasando a describir de seguido o seu obxecto que virían a coincidir co periodo electoral.</p> <p>Tampouco pode verificar que ditas memorias se concretasen en actuacións. Polo que considera que se están a contratar medios en favor da campaña do Partido Popular.</p>
Alcalde	Efectúa uha chamada ao orde para que se centre no obxecto da cuestión do expediente.
Portavoz PSdG-PSOE	Prosigue a súa intervención facendo nova referencia ás Memorias que consideran non se van a desenvolver. Polo que estima que a súa intervención sí está relacionado co obxecto do expediente. Están votando en contra de que os vecinos de Mugardos paguen a campaña do PP. E por último realiza alusión ás facturas por gastos en medios de comunicación para no 80% dos tempos utilizar eses medios para criticar ao portavoz PSdG-PSOE.
Portavoz BNG	Comparte a intervención do grupo anterior e vai a sumar





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>outras cuestións que non se mencionaron. Están en minoría e este tipo de expedientes hai que negocialos. Pasan por Comisión máis para só dar información. Non saben canto falta por pagar. Pese á moción aprobada polo Pleno a instancia do BNG segue sen saber nada. Tamén leven meses propoñendo que se confeccione un orzamento. Tamén existen facturas que o BNG está disposto a pagar. Máis non poden permitir estes gastos electorais e partidistas e aqueles gastos que o propio informe intervención indica que poden por en perigo o funcionamento dos servizos municipais.</p>
Portavoz PP	<p>Quere centrar o debate no expediente. Inicia a súa intervención facendo referencia á controversia e crítica realizada aos contratos de elaboración de Memorias; unha delas é a do PERTE; outras incluída nos fondos NEXT GENERATION relativa ao mercado que despois se rexeitou polo Estado e contaba co voto a favor PSOE e prosigue con outros gastos como a compra de contenedores, limpeza de ríos, pasarela do porto, postes do alumado etc e cuestiona que todos estes gastos sexan de carácter electoral. Prosigue dando lectura ás facturas incluídas no expediente. Hai rogos formulados polos grupos PSdG-PSOE e BNG que son contradictorios co voto que agora adiantan.</p> <p>E remata facendo alusión a similares expedientes aprobados en concellos vecinos en datas recentes co voto a favor do grupo PP.</p>
Alcalde	<p>Gobernar en minoría non implica un castigo tendo en conta as propias características do concello, no que os derradeiros gobernos son sempre en minoría. Van a publicar todas esas facturas para que a veciñanza sepa e forme opinión ao igual que a postura mantida polo portavoz PSdG-PSOE. E lembra o voto en contra no pleno de xuño de 2022 no caso Reganosa no que por intereses partidistas non se favoreceron os intereses do concello.</p> <p>Hai un informe do servizo de Obras no que indican que non teñen tempos nin medios para facelo. Por outra banda está a reforma do mercado laboral. E negade que por unha banda solicitan que se leven a cabo actuacións e por outra banda, critican a contratación. A contratación de servizos e a</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	reforma laboral é un problema común na vida local. Teñen 500.000 euros menos de REGANOSA que é un problema que non creou o PP e non se actualizaron as cotas tributarias dende fai anos.
--	--

Segunda quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	<p>Non hai presuposto anual aprobado a diferenza doutros concellos vecinos nos que os expedientes de recoñecemento extraxudicial son acordados. Alude igualmente a que o concello incumple o periodo medio de pago para estas facturas e non se explica nada na Comisión Informativas para que canto menos poidan saber e no seu caso contar coa súa abstención.</p> <p>Insisten que hai facturas en contra da normativa electoral e en todo caso en contra da normativa contractual e denunciabes con problemas de índole legal para quen pague esas facturas. A xestión é pésima e non se están abordando os problemas de Mugardos e sen embargo crean outros como é o propio REC. Polo que lle propón ao grupo de goberno que retire o punto para poder analizar de forma conxunta qué gastos se poden aprobar.</p>
Portavoz BNG	<p>O REC é unha figura extraordinaria. Pide non son que publiquen as facturas se non tamén a data na que se emiten. E o resto son extraordinarias porque non están programadas porque non existe un presuposto.</p> <p>Reitera que hai facturas que sí están dispostos a aprobar.</p> <p>Alude tras a busca de acordos adoptados polo Pleno que o grupo municipal PP tamén votou en contra doutros da mesma natureza elevados a este mesmo órgano colexiado.</p> <p>O importante é que van a sacar diñeiro de cosas esenciais e o ano que ven pasará o mesmo.</p>
Portavoz PP	<p>Considera que non comprenden qué é un REC, pasando a explicar que están asociados a que non hai contrato ou crédito pero non á falta de liquidez. É un problema que existe porque a normativa non está adaptada á realidade da xestión municipal. Pide que revisen as datas das facturas. E</p>





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	<p>sí hai facturas que non se puideron pagar por falta de liquidez e por elo aluden á delegación da xestión recadatoria..</p> <p>Os traballos que amparan as facturas están conformados. En caso de que non se aproben se denunciará ao concello e se aprobarán vía xudicial, a costa do concello. E o seu voto en contra tan só é para demorar o expediente. E voto en contra do grupo PP ao que se fixo alusión se motivarían porque non se necesitaba o seu voto para saír adiante ou por que as factuas non estaban conformadas.</p> <p>A alusión aos gastos electorais e consultas electorais son excusas.</p>
--	---

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	En contra	En contra	Abstención (non presentes)

En atención ao resultado acadado o Pleno rexeitou a aprobación do expediente 1214/2024.- Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2024.

3º.- SECRETARIA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Escrito de moción elevado á sesión da Xunta de Portavoces correspondente ao 19.06.2024:

“Dáse conta da presentación no Rexistro Xeral do concello dos seguintes escritos de moción ata o día da convocatoria (número rexistro de entrada 2024-E-RPLN-12, 18.06.2024):

4.1.- MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR





Concello de Mugardos
(A Coruña)

“ ...

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia. A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, increméntase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen





Concello de Mugardos
(A Coruña)

provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e as paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámonos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contrapoñemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España. :

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económica dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende o Grupo Municipal do PSdeG no Concello de Mugardos propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Corporación do Concello de Mugardos insta á Xunta de Galicia a:

1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.
2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.
3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.
4. Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector.”





Concello de Mugardos
(A Coruña)

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que se sexa elevada á consideración do Pleno.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Da lectura ao escrito de moción que se reflicte na presente acta.
Alcalde	Cando deu lectura á moción suscitou a opinión a varias traballadoras do sector. A normativa regula a porcentaxe que corresponde a cada AAPP ao 50%, e todo o mundo sabe que existe un problema de infrafinanciamento por ambas. Os convenios colectivos están por debaixo das expectativas polo que cada vez existen menos persoas para traballar, máis necesidades e menos diñeiro. E a situación é cada vez máis gravosa para os concellos. E insite en que ambas AAPP deben asumir máis gasto para a prestación do servizo. E por iso non poden asumir a moción. Polo que lle propón unha modificación para que Estado e Xunta sumen máis financiamento para auxiliar aos concellos, e o seu grupo votará a favor.
Portavoz PSdG-PSOE	Xustifica que a moción estea dirixida á Xunta de Galicia porque é a titular da competencia. O Estado si aumentou ano a ano a súa aportación e a Xunta segue a manter o diñeiro que transfere aos concellos polo que vai a conservar a moción no seu texto orixinal.

Se abre un debate entre Alcalde e Portavoz PSdG-PSOE sobre a emenda plantexada.

Sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	Abstención (non presentes)





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación ao texto da moción adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.

Segundo.- Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento de custos.

Terceiro.- Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.

Cuarto.- Exercer as súas funcións de mediadora nas negociacións entre as empresas e os axentes sociais para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector

4º.- SECRETARIA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE RECUPERACIÓN DO RANGO DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE NO GOBERNO GALEGO.- Escrito de moción elevado á sesión da Xunta de Portavoces correspondente ao 19.06.2024:

“ ...

4.2.- RECUPERACIÓN RANGO DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE NO GOBERNO GALEGO

“ ...

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mércores 24 de abril de 2024 publicouse no DOG o DECRETO 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellarías da Xunta de Galicia.

Sorprendentemente, decatámonos de que fora eliminada a Secretaría Xeral de Igualdade e substituída por dúas direccións Xerais: Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Desde o Concello de Mugardos estamos fondamente preocupados xa que entendemos que este cambio no organigrama do goberno, que relega a categoría de Dirección Xeral as políticas de igualdade, vén a seguir o mesmo camiño que levan outras CC.AA de degradación das políticas de igualdade en colaboración cos seus socios de VOX.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

En Galicia o menosprezo ao papel da loita contra a igualdade comezou baixo a presidencia de Feijóo suprimindo o Servizo Galego de Igualdade no ano 2010, e acaba de culminalo o señor Rueda.

En primeiro lugar, quitándolle o rango de Secretaría Xeral ás políticas de Igualdade; en segundo lugar, desligando ás políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, dando a entender, que a orixe desta violencia non é o machismo, a ausencia de igualdade entre mulleres e homes.

Este novo organigrama sumado á dependencia das políticas de igualdade da Consellería de Política Social, que nos devolve a unha visión totalmente asistencialista, carente da necesaria abordaxe integral das discriminacións por razón de xénero, fainos retroceder máis de dúas décadas na concepción das políticas de igualdade, defendendo así as mesmas teses que os seus socios de extrema dereita.

Desde o Concello de Mugardos entendemos que a loita pola igualdade entre mulleres e homes ten que ser prioritaria e transversal a toda a actuación política, tendo en conta que da implementación das actuacións en materia de igualdade depende que se remate coa discriminación da metade da poboación de Galicia.

É por iso polo que defendemos que un proxecto de Goberno do século XXI ten que incluír a igualdade como eixo vertebrador da súa actuación que, ademais, se estenda de forma transversal ao resto de políticas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

O Concello de Mugardos insta a Xunta de Galicia:

1. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes sexan eixo vertebrador e transversal das políticas do Goberno galego.
2. Que, cando menos, se lle devolva o rango Secretaría Xeral que tiñan as políticas de igualdade entre mulleres e homes.
3. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e o seu órgano superior e de dirección dependan da Presidencia da Xunta de Galicia para garantir a súa aplicación transversal e integral.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4. Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero volvan a estar integradas no mesmo órgano superior e de dirección.”

A Xunta de Portavoces dá por realizado o trámite para que se sexa elevada á consideración do Pleno.”

Primeira quenda de intervencións	
Portavoz PSdG-PSOE	Procede a dar lectura ao escrito de moción que se reflicte na presente acta.
Portavoz PP	Interpreta que o problema que a igualdade non vai ligada á violencia de xénero. Pero considera que as políticas de igualdade non é unha cuestión de sexo. De tolerancia e educación e non por ter unha secretaría ou dirección xeral.

Sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	En contra	A favor	A favor	Abstención (non presentes)

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación ao texto da moción adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes sexan eixo vertebrador e transversal das políticas do Goberno galego.

Segundo.- Que, cando menos, se lle devolva o rango Secretaría Xeral que tiñan as políticas de igualdade entre mulleres e homes.

Terceiro.- Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e o seu órgano superior e de dirección dependan da Presidencia da Xunta de Galicia para garantir a súa aplicación transversal e integral.

Cuarto.- Que as políticas de igualdade entre mulleres e homes e contra a violencia de xénero volvan a estar integradas no mesmo órgano superior e de dirección.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

5º.- URXENCIA.- EXPEDIENTE 2742/2022. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2023.- O Presidente eleva por razón de urxencia vinculadas á xustificación do 50% inicial da achega da Deputación provincial de A Coruña ao concello de Mugardos para o financiamento do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) anualidade 2023 ao que por erro huano non se deu cobertura na orde do día do Pleno.

Tras a intervención do Portavoz PSdG-PSOE que manifesta que na mesma dirección vou en falta a inclusión do asunto no expediente de convocatoria tras ser ditaminado na Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, procédese a dar cumprimento ao trámite previsto no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometida así á votación ordinaria a ratificación da urxencia, o Pleno prestou aprobación segundo o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención (non presentes)

Consta no expediente ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión ordinaria relizada con data 20 de xuño de 2024:

“

2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PR/72024/43 RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DE ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) ANUALIDADE 2024. EXPTE. 2742/2022

... Sométese o asunto a votación e a Comisión, en aplicación do voto ponderado, por once votos a favor (PP, BNG e PSOE) e dúas abstencións (EU), acorda:

Primeiro.- Informar favorablemente a proposta de resolución PR/72024/43 relativa á xustificación do 50 % inicial de achega da Deputación Provincial da Coruña ao Concello





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de Mugardos para a financiación do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) anualidade 2024. Expte. 2742/2022, e propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Ratificar o acordo adoptado pola Resolución de Alcaldía núm. 2022-1308, do 30.12.2022 e ratificado polo Concello Pleno en sesión realizada o 25.01.2023 polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeición plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 01.01.2023.

2º.- Asumir as obrigas propias dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

3º.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación: - Memoria de actuación - Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos - Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade - Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial - Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT - Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña os datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

4º.- Facultar ao sr. Alcalde – Presidente, D. Juan Domingo De Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo”.

Non subscitándose debate ningún, sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención (non presentes)

En atención ao resultado da votación, o Pleno de conformidade co establecido no artigo 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar o acordo adoptado pola Resolución de Alcaldía núm. 2022-1308, do 30.12.2022 e ratificado polo Concello Pleno en sesión realizada o 25.01.2023 polo que se





Concello de Mugardos
(A Coruña)

manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeición plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 01.01.2023.

Segundo.- Asumir as obrigas propias dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia)

Terceiro.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación: - Memoria de actuación - Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos - Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade - Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial - Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT - Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña os datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

Cuarto.- Facultar ao sr. Alcalde – Presidente, D. Juan Domingo De Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo

6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se formulan.

7º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-

Dáse lectura pola secretaria á dilixencia asinada con data 20 de xuño de 2024:

““EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia; téndose





Concello de Mugardos
(A Coruña)

recibido, con data 15.04.2024, novo requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023). Pola Secretaría de Estado de Medio Ambiente tense requirido a subsanación das deficiencias padecidas na documentación presentada polo Concello de Fene e de Mugardos na solicitude de axuda; téndose aportado polo Concello de Mugardos a documentación necesaria para subsanar as deficiencias padecidas.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. Pola Deputación Provincial da Coruña tense requirido a subsanación das





Concello de Mugardos
(A Coruña)

deficiencias padecidas no Anexo I da documentación presentada para a participación no Plan e no proxecto e Anexo V correspondentes á obra de “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos”, deficiencias que teñen sido subsanadas ao abeiro do establecido nas Resolucións da Alcaldía núm. 2024-0534 e 2024-0535, as cales foron ratificadas polo pleno da corporación na sesión celebrada en data 29.05.2024, así como as padecidas nos proxectos e/ou anexos correspondentes ás obras de “Renovación de alumeadado público no Concello de Mugardos” e de “Mellora de camiños do Concello de Mugardos: Camiño da Estación”, téndose tamén efectuado un novo requirimento de subsanación das deficiencias padecidas no novo proxecto de “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos”.

EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2024.- Con data 14.06.2024, vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña de data maio 2024, relativa á elaboración do POS+AD 2/2024 para investimentos financeiramente sostibles e gastos correntes, mediante Decreto de alcaldía nº 2024-0725, Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024”, confirmouse a a aplicación da achega provincial ás actuacións incluídas no proxecto “MELLORA DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE MUGARDOS: CAMIÑO DA ESTACIÓN” por importe de 70.322,50 euros.

EXPEDIENTE 2506/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios; téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación das deficiencias padecidas na documentación presentada coa solicitude de participación no Plan, subsanación que se ten levado a cabo mediante acordos adoptados polo Pleno da Corporación nas sesións celebradas en data 28.02.2024 e 24.04.2024.

EXPEDIENTE 742/2024. MC 04/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 92 de 13 de maio de 2024, téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal





Concello de Mugardos
(A Coruña)

extremo, téndose remitido ao Boletín Oficial da Provincia anuncio de aprobación definitiva.

EXPEDIENTE 746/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 92 de 13 de maio de 2024, téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose remitido ao Boletín Oficial da Provincia anuncio de aprobación definitiva.

EXPEDIENTE 743/2024. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 30, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 87 de 6 de maio de 2024; téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello.”

8º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O2024-0596 AO 2024-0745 .

O Pleno da por realizado o trámite.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS	
Portavoz PSdG-PSOE	Insta novamente a que se forme calendario fiscal, se pague as subvencións pendentes ás asociacións e se tramiten os pagos pendentes
Portavoz BNG	Roga se realice unha declaración institucional con motivo do 28 de xuño de 2024.
	Portavoz PP





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Compartirase un texto cós/as Portavoces e colocarse a bandeira na Casa do Concello.
--	---

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as dez horas e vinte e catro minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que contacun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

A17737596457A4A0396A7F9EEBAA73E81862BAF7E6373547F460AC001E064A87

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

